

CAMIÑO DE SIRGA

Jesús Moncada, *Camíño de sirga*. Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1997. Traducción de Xabier Rodríguez Baixeras.

Descubrir un escritor como Jesús Moncada sempre é un aliciente para seguir lendo e descubriendo novos autores. Polo de agora deu ó prelo dous libros de narracións *Històries de la má esquerda* (1981) e *El Cafè de la Granota* (1985), e as novelas *Camí de sirga* (1988), *La galeria de les estàtues* (1992) e *Estremida memòria* (1997), esta do mesmo ano en que saíu a traducción galega que nos dispoñemos a comentar.

Camí de sirga evoca a desaparición de Mequinensa, antiga vila da beira do Ebro e centro dunha importante conca mineira e dun intenso tráfico fluvial. Alí naceu Moncada no 1941, pero na obra non se nos dá o nome da vila, só nunha aclaración do principio. Sen embargo, a mina e mailo tráfico fluvial serán de máxima importancia na historia narrada. A obra foi gañadora de varios premios ademais de ser finalista do Premio Nacional de Literatura. Considerada unha das novelas capitais da literatura catalana actual, espertou grande interese internacional; de feito está traducida, polo menos, a oito linguas.

O libro presenta unha estrutura equilibrada que se percibe na distribución igualitaria das catro partes, compostas cada unha por seis capítulos, e un epílogo:

Na primeira parte titulada *Os días de l'Edèn*, comézase narrando a demolición da primeira casa, na Baixada de la Ferradura, aínda que a destrución da vila xa comezara trece anos antes. Fálasenos do Señor Jaume de Torres, da súa familia e do retrato que lle pinta Aleix de Segarra. Durante a limpeza deste cadro, a súa filla Carlota vai recordando escenas do pasado: a botadura do laúde (unha embarcación fluvial) e o disparo contra D. Jaume. Simultaneamente, Nelson, patrón dun laúde, recupera como Carlota distintas lembranzas do pasado: a batalla de Tetuán de 1860, o primeiro día como traballador no laúde *Carlota...* A prosperidade da vila pola demanda do lignito provocará a aparición de sitios de mala reputación coma l'Edèn, así coma novos personaxes.

A Illa dos Trece Santos, a segunda parte, debe o seu título ó episodio do achado por parte de Nelson e os tripulantes do laúde *Neptú* de trece santos

que aparecen tirados na insua de la Ferradura. Carlota relembra no presente a súa voda con Hipòlit de Mora e os momentos compartidos co seu amante Francesc Romaguera. Tamén lle veñen á memoria outros acontecementos do ano 1925 como a folga mineira, a morte “accidental” de Arnau Terrer, a chegada e partida de Mister Wilson, etc. Ó mesmo tempo, Nelson rememora a Júlia Quintana, gracias á cal entra a traballar coa viúva de Salleres, e a súa marcha da vila, a morte da súa filla e maila de Arquímedes Quintana o mesmo día da proclamación da República. A demolición do convento no 1971 sérvelle a Malena, tía e amante de Aleix de Segarra, para lembra-los días felices co pintor dos murais do vello convento, propiedade da familia Segarra, e o abandono da vila ó comeza-la guerra.

A terceira parte, *Cinza de calendario*, comeza coas lembranzas de Alfons Garrigues, o novo barqueiro que acabada a guerra pasa no transbordador á xente que volve para a vila. Agora comezan a rematarse as primeiras casas da vila nova, e con elas renace un certo optimismo. Carlota de Torres e parte da súa familia –súa nai Adelina morrera en Valladolid– regresan á vila no 1939. Carlota non volve ver a Francesc, convertido en alférez de Franco e Hipòlit morre dous anos despois do señor Jaume, deixando a Carlota como rectora da familia. Desde a guerra só as minas dos Torres e da viúva de Salleres funcionan ben, de feito estrean cun mes de diferenza os laúdes *Carlota II* e o *Neptú*, respectivamente. Nelson está moi unido ó laúde *Neptú* e, aínda que durante a guerra estivo exiliado en Barcelona, nunca se esqueceu del. Vai ser el quen lle dea a noticia a Malena da morte de Aleix nun campo de concentración.

Na cuarta parte, *A garbinada negra*, fálase das cinco detencións e media que sofre Honorat del Rom, farmacéutico que cada vez máis intima no Café del Moll e vai conquistando ós poucos a vacante que alí deixara seu pai. Na vila por volta do 1971 non queda case ninguén, xa que hai demolicións e expropiacións pola construción de dous encoros no Ebro e no Segre, que deixan a Faió e a vila baixo as augas. A nova poboación medra na outra banda da serra del Castell, e está identificada co futuro, pero a xente é remisa a abandona-la vila vella. Carlota, entristecida, acaba vendendo as minas, pero non quere marchar, entre outras cousas porque ninguén lle suplicou que fora vivir para a vila nova cunha categoría distinta ó resto dos vilegos. Cae enferma, e cada vez está máis deprimida e ida. Nelson non atura ve-la vila desolada, está preocupado polo seu futuro e ten fe en que os laúdes da viúva Salleres sigan traballando, pero a viúva morre e o sobriño vende todo. A morte da vila é en realidade a morte da maior parte da súa vida. Confía en que o río nunha enchente acabe co asunto do encoro. Aínda que hai cinco anos que non navega, segue amañando no laúde. Pero sabe que non volverá navegar.

No epílogo final moi breve, *Exilio sen retorno*, Carlota será a derradeira persoa que morra na vila vella. Antes de morrer érguese da cama e dáse de conta que xa todo está embalado e tamén vendido o casal e o resto das propiedades que quedaban; en certo modo, morre coa pena. Moita xente do Café del

Moll vaille ó enterro, parece que con ela enterran a vila vella, pois todos teñen que deixala. Nelson tamén marcha para a vila nova ó día seguinte do enterro.

Pódese afirmar, sen medo a enganarnos, que o principal motor da novela *Camí de sirga* –e de aí que o seu principal protagonista–, é a linguaxe. Tal afirmación parece sustentarse nunha verdade de pé de banco pero, no fondo, encerra a constatación de algo evidente. Non é que a linguaxe sexa creada sen obxecto ningún pois este é, fundamentalmente, a evocación dunha vila asolagada, senón que, para conseguilo, é empregada cunha notable exhibición de procedementos formais, coa excepción do diálogo que é máis ben escaso. Estes procedementos, base da descrición evocadora, son os que, ó cabo, deberon facer custosa a traducción da novela.

En primeiro lugar, debemos ter en conta a cuestión do ritmo. O autor usa a frase longa, normalmente partida por varias pausas, por efecto da oración subordinada ou do inciso. O carácter oxítono e, sobre todo, menor en número de sílabas, propio do léxico catalán, resulta moi claro, moi expresivo, mesmo por veces solemne, na pluma de Jesús Moncada, pero o traductor a unha lingua que, como o galego, contén unhas características diferentes, debe procurar por medio do artificio que a frase non se dilate en exceso, que non lle escape ata un grao no que perigue a súa comprensión. E non só a comprensión. Así que se nota que o traductor procurou que a lectura non se diluíse nesa prolixidade; que non cansase, nunha palabra. Outras veces, non se trata tanto de facer encaixa-las pezas silábicas como de, en coherencia co orixinal, atopar unha harmonía similar, como un eco daquel estilo simétrico, extraordinariamente cicelado. Se cadra é aquí onde se atopa a maior dificultade, pois non é doado trasladar aquela, especialmente se queremos seguir fielmente o orixinal. En definitiva, é o alto valor estilístico da novela o que conleva o maior atranco para unha boa traducción.

Outro fenómeno que se tivo moi en conta foi o de traslada-la novela ó galego considerando sempre a súa variedade lingüística. Como a variedade do catalán é a estándar, o traductor empregou tamén un estándar galego. Sen embargo, o estándar catalán inclúe, neste caso, algúns localismos que, comezando polo título, se traduciu da maneira máis fiel posible. Baixeras debeu saber da existencia no Baixo Miño da expresión “camiño de sirga” e, no Ribeiro, da palabra “liñón” como cabo de enlace entre o barco e a beira. Tamén están presentes na novela moitos modismos, moi suxerentes en catalán como *alt com deu i el braç, gireu-hi el riu, fil per randa*, dos que só se pode facer unha traducción aproximada. En troques para *ara cabdella, ara cabdellarà* (agora desnovelará) que indica o acto de cismar, ¿que mellor modelo que os versos dos “Cantares gallegos”: “dálle que dálle ao argadelo /noite e día,/ e pensa e pensa naquelo, / porfía que te porfía”? Son tamén boas equivalencias as propostas para *¿Què sap el gat de fer culleres?* que se traduce como *A gaita para o gaiteiro; hauria costat Déu i ajut* como *custaría ferro e fouce* (80); *estava de cerç* como *estaba de má pipa* (124); *a nai que o fundou* (131) polo catalán *la*

puta d'oros, o catalán *salpar* traducido por *halar o ferro* (245). Malia os éxitos da tradución do discurso repetido, non deixan de estrañar expresións pouco logradas en galego. Son os os casos de *parar mentes* (32, 157) do catalán *parava esment*; *¿quin bou se li escornava? ¿que boi se lle escornaba?* ou *acolloar á chusma* do catalán *acollonir la xusma*; *apouquiñaban a todo cristo* do catalán *acoquinaven tot déu* e *estar ata os ovos* (230) do catalán *tenia els ous plens*.

No que atinxe ó léxico o catalán de *Camí de Sirga* é, en xeral, o común e non lle debeu presentar dificultades ó traductor para colocar ó seu nivel un galego tamén común, o das nosas vilas, hoxe debidamente estandarizado. Isto non quita que na versión galega se nos presente un léxico que moitas veces entronca directamente coa tradición literaria galega: son exemplos como *calacear* (111), *batifondo de turbamulta* (116), *vivalma*, –co sentido de ningunha alma (121)–, *apowigar* (179), *bremanza* (204), *triqueiras das aristoloquias* (218). Tamén aparecen abundantes termos mariñeiros e terminoloxías específicas da navegación fluvial, como por exemplo *laúde* (tomado do portugués), *estampinar*, *borrifar*, *molanqueira*, *sirgar*, *liñón* (dialectalismo), *ronsel*, *couso*, *toletes*, *garbinada*, *sásola*, *leme*, etc. Con todo, hai casos onde se notan certos descoidos do traductor no que atinxe á elección do léxico e á precisión semántica. Estamos a falar de casos como *zorregueille a queimarroupa* (36) e *con má uva* (221), que semellan calcos, ou *borrifar* (42), usado no texto como “esparexer moita cantidade”, cando a súa primeira acepción é “regar lixeiramente” e *crebadura dos vidros* (30), cando parece máis adecuado usar “escachadura ou esnaquizadura”, porque é en moitos anacos. Tamén podemos apunta-lo uso incorrecto de *cadris* (123) por nádegas, a tradución máis literal do catalán *anques* que se traduce ben en *nádegas enlouquecedoras* (224).

Na morfosintaxe hai que sinalar certos aspectos que sorprenden no contexto do uso xeneralizado na tradución da variedade estándar da nosa lingua. No que atinxe ós verbos pronominais ou reflexivos hai que recoñecer que o traductor cae na confusión típica, estraña nunha persoa da súa experiencia, de pensar que en galego hai un uso moi restrinxido da reflexividade e da pronominalidade. Deste xeito aparecen exemplos realmente curiosos como *o ar volveu pesado* (61) ou *volviera unha alma en pena* (27), *o Ebro tamén volviera estraño* (123). Outro caso é *o cuartel foi ao chan* (257) cando en galego isto sería *veuse abaixo* ou *caeu*. Emprega tamén algún dialectalismo na morfoloxía verbal: *preparai* (198) por “preparade” cando en catalán se emprega *armeu*, totalmente regular.

Hai algúns detalles que poderían ser corrixidos nunha segunda edición, como o feito de usar distintas variantes para nomes propios de persoas e de cousas –*Arcadi* alterna con *Arcadio* (86-87), *Atanasi* con *Atanasio* (79-80) e mesmo o nome do laúde Neptuno (101) pasa a ser *Neptú* (104)–, e outros que posiblemente se deban a unha revisión apresurada da editorial –*acompañaban a casa* ou *so* (178) sen acento, ou *privava* (224), *idemnizaciós* (251), *apoteóticos* (268) *cha* por chá (238). Así mesmo, hai unha data errada na versión galega,

que non corresponde coa catalana. Despois de dicirnos que Carlota Torres regresa da súa viaxe de vodas no 1925, na páxina seguinte (93) fálanos da mesma data pero no ano 1924, data que aparece ben na versión catalana, 1925. Tamén con respecto ós irmáns de Carlota, chamados *Jordi i Robert* (21), xa que despois aparece *Ramón* (163) que antes non fora mencionado con ese nome.

Tamén é discutible –pero pouco relevante– a cuestión de trasladar con cursiva certos nomes –como, por exemplo, o dos “laúdes” (*Neptú, Polifem* etc.)–, en contradición cos nomes de bares, rúas etc., que se escribiron en redonda e sen comiñas, tal como están no orixinal. Como son moi numerosos, pensamos que tal decisión favorece a lectura e non engade ningún atranco para a comprensión.

A modo de conclusión hai que apuntar que as linguas non só se estruturan polo léxico, senón pola morfosintaxe, e a desta tradución resulta por veces excesivamente apegada ó catalán e pouco ó galego. Tal vez deberíamos considerar que é un problema de rexistros: a mestura que se fai entre un galego excesivamente culto e un galego máis popular, algo que non ocorre tanto no orixinal catalán. O tratamento do léxico explota as posibilidades da linguaxe con moitas ampliacións semánticas, pero isto interrompe constantemente a lectura para entende-lo que significan algunhas palabras. De tódolos modos ninguén lle pode negar a Rodríguez Baixeras o mérito de realizar un bo traballo de tradución que nos permite ler en galego unha excelente obra catalana como é *Camí de sirga*.

Pilar Vilaboi Freire

